

PROXECTO DE LINGUA DE CENTRO 2025-29

ESCOLA SUPERIOR
DE CONSERVACIÓN E RESTAURACIÓN DE BENS CULTURAIS DE GALICIA



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
CIENCIA, UNIVERSIDADES E
FORMACIÓN PROFESIONAL



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



ESCOLA SUPERIOR
DE CONSERVACION
E RESTAURACION
DE BENS CULTURAIS
DE GALICIA



DATA DE APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 7 de xullo de 2025

DATA DE APROBACIÓN POLO CONSELLO: 7 de xullo de 2025

DATA DE ENVÍO A INSPECCIÓN: 9 de xullo de 2025

Redacción do proxecto:

Equipo proposto pola dirección do centro, oída a Comisión Pedagóxica, o 25 de xuño de 2025.

Andrea Fernández Arcos (Coordinadora do EDLG 2024-25; 2023-24)

Sonia Seco Lanzós (Coordinadora do EDLG 2022-23; 2021-22)

ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN.....	3
2 MARCO LEGAL.....	3
3 O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO.....	3
O CENTRO.....	3
O ALUMNADO.....	3
O PROFESORADO.....	9
O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS.....	12
4 OBXECTIVOS XERAIS.....	15
5 LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.....	17
6 LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS.....	18
7 AVALIACIÓN.....	18
8 ANEXOS.....	18

1 INTRODUCCIÓN

O presente documento créase como consecuencia do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, que no artigo 14º determina a necesidade de crear un Proxecto lingüístico de centro, cunha vixencia de catro anos.

2 MARCO LEGAL

O presente documento baséase na normativa vixente e ten como principais referentes legais os seguintes:

- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística.
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Instrución para a aplicación do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, após os pronunciamentos das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia sobre este tema.
- Decreto 174/2015 do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG núm. 230, do 1 de decembro de 2016).

3 O CONTEXTO SOCIOLINGÜÍSTICO

Para deseñar un plan de lingua adaptado ás características singulares do centro, realizouse un estudo do contexto sociolingüístico, complementado con enquisas dirixidas a cada un dos sectores que forman a comunidade educativa (Ver Apto. 8. Anexos)

O CENTRO

A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia é un centro oficial superior dependente da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, e o único nesta comunidade que imparte o título de Grao en Ensinanzas Artísticas Superiores de Conservación e Restauración de Bens Culturais na especialidade que corresponda, que será equivalente, a todos os efectos, ó título universitario de Grao.

A creación da ESCRBCG data de 1991 co Decreto 352/1991 de 17 de outubro (DOG do 24 outubro) e nela son impartidas as especialidades de conservación e restauración de bens arqueolóxicos, escultóricos e pictóricos. A Escola non só pretende impartir un ensino de calidade, senón abrir as portas do mercado profesional ao alumnado mediante prácticas de traballo, sempre coa maior amplitude xeográfica posible. Así mesmo, ambiciona constituir un referente nas disciplinas da conservación, tanto a nivel docente como investigador.

O ALUMNADO

A Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia é un centro cun número de alumnado procedente, preferentemente, do ensino medio pero tamén doutros

estudos, ás veces universitarios, polo xeral de Belas Artes ou de Historia/Historia da Arte. Deste alumnado, a maior parte é galego, aínda que é cada vez máis frecuente a presenza de alumnos/as procedentes doutras partes do país, incorporados sobre todo nos cursos de especialidade, en terceiro e cuarto. Tamén se está a dar a incorporación de xeito puntual ó longo do curso dun número variable de alumnado do programa Erasmus procedente doutros países. En xeral, a maior parte empregan o español como lingua principal ou, no caso dos/as alumnos/as do Erasmus, o inglés. Neste curso en concreto hai 86 estudantes, dos que máis dun 10% non son de Galicia.

No curso 2023-24 fíxose un estudo sobre o grao de emprego do galego nos Traballos de Fin de Estudos, ante a percepción dun baixo uso, en xeral, da lingua galega nesta actividade académica, que é un dos fitos principais nos que se esforza o alumnado. Os resultados, coa actualización correspondente a este curso, recóllense na Táboa 1.

CURSO	TFE		TOTAL	% TFE GALEGO
	GALEGO	CASTELÁN		
2024-25	5	13	18	27.7
2023-24	1	9	10	10
2022-23	4	12	16	25
2021-22	5	12	17	29.4
2020-21	3	19	22	13.6
2019-20	2	16	18	11.1
2018-19	1	18	19	5.2
2017-18	1	15	16	6.2
2016-17	2	6	8	25
2015-16	6	16	22	27.3
2014-15	2	22	24	8.3
2013-14	5	16	21	23.8
TOTAL	37	174	211	17.71


Táboa 1. Táboa na que se recolle a distribución de TFEs en galego e castelán dende o primeiro curso no que se impartiu 4º dende a implantación do título superior.

Neste sentido, nese mesmo curso deseñouse e implantouse un Premio para o mellor TFE en galego, co fin de incentivar o seu uso con este fin. Como conclusión, a táboa reflicte que, de media, o emprego do galego non chega a unha cuarta parte dos presentados e, na mellor das situacións, o galego apenas é empregado nun tercio dos traballos de fin de estudos.

Respecto ós resultados da enquisa sobre o uso do galego entre o alumnado, tan só houbo 12 de 86 respostas (14%). Respecto ás condicións de realización, foi proposta na modalidade “formulario en liña”, unha vez remataron os exames de convocatoria ordinaria, en xuño de 2025. Os resultados acadados son os seguintes:

En que lingua aprendeu a falar?


12 respostas



Observacións: Máis da metade das respostas evidencian unha influencia maioritaria do castelán como lingua materna.


Ten dificultades para falar en galego?

12 respostas




Ten dificultade para escribir en galego?

12 respostas



Ten dificultade para entender o galego?


11 respostas



Observacións: unha das persoas omitiu responder a esta pregunta.


Ten dificultade para ler en galego?

12 respostas



Que lingua usa habitualmente?


12 respostas



- Só galego
- Só castelán
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego

De non falar galego, cales son os motivos?

10 respostas




- Polo ambiente
- Falta de dominio da lingua
- Outros motivos

Observacións: Dúas persoas omitiron responder a esta pregunta. O ambiente parece ser o motivo dominante para limitar o uso da lingua. Unha contorna máis favorable situará ó alumnado nun contexto favorecedor para o seu uso.

Gustaríalle ampliar o uso do galego?

11 respostas




- Non
- Si
- Indiferente

Observacións: Unha persoa omitiu responder a esta pregunta. De forma absolutamente maioritaria, o alumnado está disposto a ampliar o uso do galego.

Que opina dos plans promovidos dende as institucións para o fomento do uso do galego?


12 respostas



Observacións: convén precisar en futuras enquisas que é o que causa a mala opinión das iniciativas para promover o uso do galego: se o deseño das propostas, un sesgo causado polos escasos resultados obtidos ou que se fagan, sen máis.

Que lingua emprega na Escola?


12 respostas



Observacións: Fóra da Escola o uso de “máis galego que castelán” é do 16.7% polo que, dadas as respostas obtidas, cabe considerar o ambiente da Escola como máis propicio para favorecer o emprego do galego que o ambiente externo no que se desenvolve o alumnado.

Para alumnado non galego: tes dificultade para o seguemento das clases en galego?

2 respostas




Observación: a falta de coñecemento do galego do alumnado non debe ser un elemento disuasorio para os docentes á hora de optar por unha lingua na que impartir as clases, xa que o alumnado non atopa moita dificultade para o seguemento das sesións en lingua galega.

O PROFESORADO

Respecto ós resultados da enquisa sobre o uso do galego entre os docentes, houbo 10 de 20 respostas (50%). As condicións de uso son iguais ás do alumnado: formulario en liña proposto en xuño de 2025. As respostas á enquisa foron as seguintes:


En que lingua aprendeu a falar?

10 respostas




Ten dificultade para escribir en galego?

10 respostas



Ten dificultade para entender o galego?


10 respuestas



Observacións: a percepción de dificultades para a escrita e a fala en galego entre o profesorado é maior que a expresada polo alumnado.


Ten dificultade para ler en galego?

10 respuestas




Que lingua usa habitualmente?

10 respuestas



De non falar galego, cales son os motivos?


7 respostas



Observacións: aínda que o ambiente tamén é un elemento desfavorecedor, a falta de dominio da lingua galega é o principal motivo expresado polo profesorado para limitar o seu uso. En vindeiras enquisas convén identificar as causas ambientais que dificultan o uso do galego, acaso sexan solucionables.

Gustaríalle ampliar o uso do galego?


10 respostas



Observacións: Tamén neste sector hai unha gran disposición para ampliar o uso da lingua galega.

Que opina dos plans promovidos dende as institucións para o fomento do uso do galego?


9 respostas



Observacións: algo máis dun tercio dos participantes teñen unha mala opinión dos plans institucionais de fomento do galego. Convén mellorar nas próximas enquisas o deseño da pregunta, para precisar o motivo polo que teñen esta opinión.

Que lingua emprega na Escola?

10 respostas




Observacións: O número de persoas que usan galego habitualmente na Escola ou “máis galego que castelán” duplícase cando a pregunta se limita á Escola, polo que cabe pensar no centro como un ambiente favorecedor para o uso do galego.

O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Do persoal de administración e servizos tan só houbo unha resposta, das cinco persoas que conforman este sector. As condicións da enquisa foron iguais ás anteriores: formulario en liña emitida en xuño de 2025.


En que lingua aprendeu a falar?

1 resposta



Ten dificultades para falar en galego?


1 respuesta



- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para escribir en galego?


1 respuesta



- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para entender o galego?


1 respuesta



- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para ler en galego?


1 resposta



- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Que lingua usa habitualmente?


1 resposta



- Só galego
- Só castelán
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego

Gustaríalle ampliar o uso do galego?


1 resposta



- Non
- Si
- Indiferente


Que opina dos plans promovidos dende as institucións para o fomento do uso do galego?

1 resposta



Que lingua emprega na Escola?

1 resposta



Como conclusións xerais, a primeira observación é a escasa participación na enquisa (14% de estudantes; 50% de docentes; 20% de PAS). Numericamente, hai unha maior presenza do castelán na vida cotiá, onde o uso do galego vese dificultado por condicionantes ambientais, a precisar en enquisas futuras. Hai unha valoración positiva sobre as iniciativas institucionais para promover o uso da lingua galega e, singularmente, o 100% das persoas que respostaron á enquisa desexan aumentar o uso do galego.

4 OBXECTIVOS XERAIS

O obxectivo principal é a promoción do galego como lingua de uso común e habitual, tanto na fala como na escrita en todos os sectores que forman a comunidade educativa da Escola, para o que é preciso adquirir competencias para a expresión oral (falar/escoitar) e escrita (ler/escribir), ademais de para a interacción, como indica o Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCER).

Dado que a comunidade educativa está conformada por persoas maiores de idade, é realmente difícil cambiar a súa lingua habitual de comunicación, pero pódese fomentar o seu coñecemento e uso a partir da súa utilización e presenza de forma habitual/normal no centro,

tanto na escrita como na fala así como promocionando o seu uso en actividades de especial interese.

Por outra banda, promoverase tamén a adquisición das competencias en linguas estranxeiras, especialmente no que se refire ó vocabulario técnico relativo á conservación do patrimonio cultural.

Os obxectivos secundarios propostos son os seguintes:

Estudantes

- Acadar a competencia lingüística do alumnado nas dúas linguas oficiais (galego e castelán).
- Achegamento á lingua galega do alumnado non galego. Ó longo destes anos, a presenza de alumnado doutras comunidades e incluso outros países, nunca resultou un impedimento para o emprego do galego na aula, quen o aceptou de bo grao e confirmou poder entender e seguir as explicacións e o traballo, sen alterar o ritmo de aprendizaxe. E, en moitas ocasións, resultaron ser alumnos/as verdadeiramente interesados/as na nosa lingua.
- Fomentar o emprego da lingua galega na aula, tanto nos traballos como na comunicación oral.
- Amosar as vantaxes do emprego do galego e o castelán para a mellor comprensión doutras linguas.
- Amosar as vantaxes do coñecemento e uso do galego como porta para a comunicación con todos os territorios da Lusofonía (Portugal, Brasil, Angola, etc.), cousa que supón abrir portas a participar en programas de estudos, prácticas e futuro traballo profesional en amplos territorios.
- Procura de incentivos que permitan ó alumnado, de modo real, optar pola lingua galega para o desenvolvemento dos seus traballos ao longo dos estudos.
- Igualar o galego co castelán como lingua para desenvolver traballos de investigación.
- Mellorar a enquisa de uso do galego dirixida a estudantes.
- Fomentar a adquisición de competencias en linguas estranxeiras.

Persoal de administración e servizos:

- Igualar o galego co castelán como lingua para desenvolver o traballo.
- Mellorar a enquisa de uso do galego dirixida a persoal de administración e servizos.

Docentes:

- Fomentar o emprego da lingua galega na aula, tanto nos traballos como na comunicación oral.
- Fomentar o emprego da lingua galega nos traballos de difusión e investigación do profesorado.
- Procurar a competencia lingüística do profesorado nas dúas linguas- oficiais (galego e castelán).
- Mellorar a enquisa de uso do galego dirixida a docentes.
- Fomentar a adquisición de competencias en linguas estranxeiras.

5 LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DA LINGUA GALEGA.

Ó tratarse dunha Escola con estudos de Grao en ensinanzas artísticas superiores de Conservación e Restauración -isto é, un estudo do mesmo nivel que o grao universitario específico e cunha duración de catro anos na mesma materia- é necesario establecer dous aspectos ben diferenciados:

- Con respecto á dinamización establecida de modo oficial:
 - non existen no centro materias relacionadas coa lingua ou similares, apropiadas para potenciar actividades específicas de lingua galega, como moitas das que propón a Xunta para este fin noutros niveis educativos.
 - os recursos e actividades oficiais para o Ensino Medio están moi fóra da idade na que o noso alumnado se puidese sentir atraído, e teñen pouca relación cos contidos das materias impartidas na Escola.
- Enlazando co anterior, o fomento real do idioma resulta de maior interese se está vinculado ós estudos, por exemplo o uso de termos referentes a aspectos técnicos, de restauración e conservación, para construír un vocabulario propio.

O fomento da lingua galega nuns estudos tan específicos como estes ten unhas características e uns problemas moi diferentes dos que poida presentar un centro de Ensino Medio, no que existen un maior número de recursos. As áreas de actuación serán as seguintes:

1. Emprego do galego como lingua de comunicación principal dende as canles oficiais da Escola.
2. Emprego do galego para a creación de elementos de divulgación das distintas actividades organizadas polo centro (reunións, conferencias etc.).
3. Poñer a disposición da comunidade educativa a información sobre recursos dispoñibles para o uso normativo do galego, posibilitando un mellor uso do mesmo, a nivel oral e escrito.
4. Participación da Escola nas efemérides vinculadas á promoción do uso do galego dende os organismo oficiais, adaptadas á temática da escola.
5. Emprego da lingua galega, sempre que sexa posible, nas comunicacións oficiais e nos relatorios en congresos, encontros etc.
6. Emprego da lingua galega nas publicacións realizadas pola propia Escola, como son os textos editados que acompañan ás exposicións, folletos ou libros.
7. Promoción de libros e artigos científicos escritos en galego de temática vinculada ó patrimonio cultural. Esta actividade farase, en ocasións, en coordinación co equipo de dinamización da biblioteca.
8. Promoción de actividades de investigación en galego. Procurarase a publicación dunha revista de carácter científico escrita en galego.
9. Para potenciar o uso da lingua galega en toda a comunidade educativa da ESCRBBCCG e segundo o disposto no art. 15 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia nos centros sostidos con

fondos públicos, constituirase un equipo de dinamización da lingua galega, nomeado e supervisado pola dirección do centro e formado polo seu coordinador(a), por profesorado, por representantes do alumnado e por persoal non docente.

6 LIÑAS DE ACTUACIÓN DESEÑADAS POLO CENTRO PARA O FOMENTO DE LINGUAS ESTRANXEIRAS.

Para garantir a adquisición da competencia transversal en linguas estranxeiras as medidas propostas son as seguintes:

- Inclusión de recursos en outros idiomas na bibliografía de referencia de cada disciplina.
- Inclusión dun resumo nunha lingua estranxeiras dentro do Traballo de fin de estudos.
- Promoción de estadias Erasmus+, tanto na modalidade de prácticas como de estudos.
- Promover a asistencia ás conferencias impartidas polos convidados a través de Erasmus+.

7 AVALIACIÓN

A avaliación do resultado das distintas actividades para promover o uso do galego realizarase a través dunha enquisa anual, revisada polo EDLG e pola coordinación de Calidade, e recollerase na memoria anual da propia coordinación do EDLG, de xeito que sinalen puntos de mellora no deseño dos plans de actuación.

8 ANEXOS

Cuestionarios empregados no curso 2024-25 para avaliar o uso do galego nos distintos sectores que conforman a comunidade académica.


Cuestionario para o profesorado

Enquisa de GALEGO para docentes

Enquisa para a análise do uso do galego na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

escribbcc@gmail.com [Cambiar de cuenta](#)



 No compartido

* Indica que la pregunta es obligatoria

En que lingua aprendeu a falar? *

- Galego
- Castelán
- As dúas
- Outras

Ten dificultades para falar en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para escribir en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para entender o galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC
-

Ten dificultade para ler en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC
-

Que lingua usa habitualmente?

- Só galego
- Só castelán
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Outro:
-

De non falar galego, cales son os motivos?

- Polo ambiente
- Falta de dominio da lingua
- Outros motivos

Gustaríalle ampliar o uso do galego?

- Non
- Si
- Indiferente

Que opina dos plans promovidos dende as institucións para o fomento do uso do galego?

- Están ben
- Están mal
- Indiferente

Que lingua emprega na Escola?

- Só galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Só castelán

Enviar

[Borrar formulario](#)

nunca envíes contraseñas a través de Formularios de Google.

Este contenido no ha sido creado ni aprobado por Google. - [Propietario del formulario de contacto](#) - [Términos del Servicio](#) - [Política de Privacidad](#)

¿Parece sospechoso este formulario? [Informe](#)

Google Formularios

- Cuestionario para PAS

Enquisa de GALEGO para PAS

Enquisa para a análise do uso do galego na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

escribbcc@gmail.com [Cambiar de cuenta](#)



 No compartido

* Indica que la pregunta es obligatoria

En que lingua aprendeu a falar? *

- Galego
- Castelán
- As dúas
- Outras

Ten dificultades para falar en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para escribir en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para entender o galego?

- Ningunha
 - Algunha
 - Moita
 - NS/NC
-

Ten dificultade para ler en galego?

- Ningunha
 - Algunha
 - Moita
 - NS/NC
-

Que lingua usa habitualmente?

- Só galego
 - Só castelán
 - Máis galego que castelán
 - Máis castelán que galego
 - Outro:
-

De non falar galego, cales son os motivos?

- Polo ambiente
- Falta de dominio da lingua
- Outros motivos

Gustaríalle ampliar o uso do galego?

- Non
- Si
- Indiferente

Que opina dos plans promovidos dende as institucións para o fomento do uso do galego?

- Están ben
- Están mal
- Indiferente

Que lingua emprega na Escola?

- Só galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Só castelán

Enviar

[Borrar formulario](#)

Nunca envíes contraseñas a través de Formularios de Google.

Este contenido no ha sido creado ni aprobado por Google. - [Propietario del formulario de contacto](#) - [Términos del Servicio](#) - [Política de Privacidad](#)

¿Parece sospechoso este formulario? [Informe](#)

Google Formularios

Cuestionario para alumnado

Enquisa de GALEGO para alumnado

Enquisa para a análise do uso do galego na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

escrbbcc@gmail.com [Cambiar de cuenta](#)



 No compartido

* Indica que la pregunta es obligatoria

En que lingua aprendeu a falar? *

- Galego
- Castelán
- As dúas
- Outras

Ten dificultades para falar en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para escribir en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC

Ten dificultade para entender o galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC
-
-

Ten dificultade para ler en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita
- NS/NC
-
-

Que lingua usa habitualmente?

- Só galego
- Só castelán
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Outro:
-
-

De non falar galego, cales son os motivos?

- Polo ambiente
- Falta de dominio da lingua
- Outros motivos

Gustaríalle ampliar o uso do galego?

- Non
- Si
- Indiferente

Que opina dos plans promovidos dende as institucións para o fomento do uso do galego?

- Están ben
- Están mal
- Indiferente

Que lingua emprega na Escola?

- Só galego
- Máis galego que castelán
- Máis castelán que galego
- Só castelán

Para alumnado non galego: tes dificultade para o seguemento das clases en galego?

- Ningunha
- Algunha
- Moita

Enviar

Borrar formulario

Nunca envíes contraseñas a través de Formularios de Google.

Este contenido no ha sido creado ni aprobado por Google. - [Propietario del formulario de contacto](#) - [Términos del Servicio](#) - [Política de Privacidad](#)

¿Parece sospechoso este formulario? [Informe](#)

